2411	11/05/2016	DOLORES	SUÁREZ OTERO	DESFAVORABLEMENTE
3187	30/05/2016	ANA MARÍA	SUÁREZ SUÁREZ	FAVORABLEMENTE
2961	27/05/2016	MARÍA BALBINA	UZAL AMOR	FAVORABLEMENTE
2962	27/05/2016	MARÍA BALBINA	UZAL AMOR	FAVORABLEMENTE
2903	27/05/2016	JULIA	UZAL FERNÁNDEZ	FAVORABLEMENTE
3242	30/05/2016	JOSÉ	VARELA DEL RÍO	DESFAVORABLEMENTE
3089	30/05/2016	JESUSA	VARELA MARTÍNEZ	FAVORABLEMENTE
2601	18/05/2016	PURIFICACIÓN	VARELA PATIÑO	FAVORABLEMENTE
2656	20/05/2016	ÁLVARO	VÁZQUEZ CANDAL	FAVORABLEMENTE
2910	27/05/2016	EMILIA	VÁZQUEZ PARDO	PARCIALMENTE FAVORABLE
2525	16/05/2016	JOSÉ MANUEL	VÁZQUEZ SONEIRA	FAVORABLEMENTE
2412	11/05/2016	ALBINO RAMÓN	VÁZQUEZ SUÁREZ	DESFAVORABLEMENTE
3233	30/05/2016	JOSÉ ANTONIO	VÁZQUEZ VÁZQUEZ	DESFAVORABLEMENTE
3136	30/05/2016	AGUSTÍN	VEIRAS BARREIRO	FAVORABLEMENTE
3006	30/05/2016	GONZALO	VEIRAS CARNEIRO	FAVORABLEMENTE
3007	30/05/2016	GONZALO	VEIRAS CARNEIRO	FAVORABLEMENTE
3008	30/05/2016	GONZALO	VEIRAS CARNEIRO	FAVORABLEMENTE
3009	30/05/2016	GONZALO	VEIRAS CARNEIRO	FAVORABLEMENTE
3010	30/05/2016	GONZALO	VEIRAS CARNEIRO	FAVORABLEMENTE
3011	30/05/2016	GONZALO	VEIRAS CARNEIRO	FAVORABLEMENTE
3012	30/05/2016	GONZALO	VEIRAS CARNEIRO	FAVORABLEMENTE
2600		JOAQUÍN	VEIRAS GÓMEZ	PARCIALMENTE FAVORABLE
2602	18/05/2016	JOAQUÍN	VEIRAS GÓMEZ	PARCIALMENTE FAVORABLE



CONCELLO DE ORDES
(A CORUÑA)

FOLLA Nº 64

2555	18/05/2016	MANUEL	VEIRAS NAVEIRA	FAVORABLEMENTE
2578	18/05/2016	JOSÉ MANUEL	VEIRAS NAVEIRA	FAVORABLEMENTE
2579	18/05/2016	JULIA	VEIRAS NAVEIRA	FAVORABLEMENTE
2688	23/05/2016	JOSÉ ANTONIO	VEIRAS OTERO	FAVORABLEMENTE
1722	11/04/2016	MARÍA DEL CARMEN	VEIRAS PAZOS	FAVORABLEMENTE
2854	26/05/2016	MARÍA-CARMEN	VEIRAS PÉREZ	FAVORABLEMENTE
2855	26/05/2016	MARÍA-CARMEN	VEIRAS PÉREZ	DESFAVORABLEMENTE
2856	26/05/2016	MARÍA-CARMEN	VEIRAS PÉREZ	FAVORABLEMENTE
2857	26/05/2016	MARÍA-CARMEN	VEIRAS PÉREZ	DESFAVORABLEMENTE
2762	25/05/2016	MANUEL	VEIRAS PONTE	FAVORABLEMENTE
2990	27/05/2016	MANUEL	VEIRAS PULLEIRO	DESFAVORABLEMENTE
2381	10/05/2016	JESÚS MIGUEL	VEIRAS REGOS	FAVORABLEMENTE
2721	23/05/2016	MARÍA	VEIRAS REY	PARCIALMENTE FAVORABLE
2736	24/05/2016	MANUEL	VEIRAS RIVAS	FAVORABLEMENTE
2735	24/05/2016	AIDA	VEIRAS SÁNCHEZ	FAVORABLEMENTE
2899	27/05/2016	JESÚS	VEIRAS SANTOS	FAVORABLEMENTE
2535	16/05/2016	ISIDRO	VEIRAS VARELA	FAVORABLEMENTE
3029	30/05/2016	JAVIER	VEIRAS VARELA	PARCIALMENTE FAVORABLE
3035	30/05/2016	REMEDIOS	VEIRAS VARELA	DESFAVORABLEMENTE
3036	30/05/2016	REMEDIOS	VEIRAS VARELA	PARCIALMENTE FAVORABLE
3147	30/05/2016	MARÍA TERESA	VEREA RUMBO	FAVORABLEMENTE
2315	06/05/2016	PABLO	VIDAL RÍOS	FAVORABLEMENTE
2316	06/05/2016	PABLO	VIDAL RÍOS	FAVORABLEMENTE



CONCELLO DE ORDES
(A CORUÑA)

FOLLA Nº 65

2317	06/05/2016	PABLO	VIDAL RÍOS	FAVORABLEMENTE
2318	06/05/2016	PABLO	VIDAL RÍOS	FAVORABLEMENTE
2974	27/05/2016	PABLO	VIDAL RÍOS	DESFAVORABLEMENTE
2975	27/05/2016	PABLO	VIDAL RÍOS	FAVORABLEMENTE
2663	20/05/2016	JOSÉ	VIEITES BECERRA	FAVORABLEMENTE
2982	27/05/2016	PEDRO	VIEITES MAROÑO	DESFAVORABLEMENTE
3141	30/05/2016	PEDRO	VIEITES MAROÑO	DESFAVORABLEMENTE
2420	11/05/2016	DOLORES	VIEITES MOSQUERA	DESFAVORABLEMENTE
2770	25/05/2016	DOLORES	VIEITES MOSQUERA	DESFAVORABLEMENTE
2912	27/05/2016	PEDRO MANUEL	VIEITES SILVEIRA	DESFAVORABLEMENTE
2765	25/05/2016	RICARDO	VIEITES UZAL	DESFAVORABLEMENTE
2766	25/05/2016	RICARDO	VIEITES UZAL	DESFAVORABLEMENTE
2213	03/05/2016	JUAN JOSÉ	VIEITES VARELA	FAVORABLEMENTE
2214	03/05/2016	JUAN JOSÉ	VIEITES VARELA	DESFAVORABLEMENTE
2552	18/05/2016	JUAN JOSÉ	VIEITES VARELA	DESFAVORABLEMENTE
3189	30/05/2016	JOSÉ MANUEL	VILABOA FANDIÑO	FAVORABLEMENTE
2996	30/05/2016	JOSÉ ANTONIO	VILARIÑO IGLESIAS	FAVORABLEMENTE
2125	28/04/2016	RICARDO	VILARIÑO MUIÑO	DESFAVORABLEMENTE
2066	26/04/2016	MANUEL	VILARIÑO MUIÑO	DESFAVORABLEMENTE
2611	19/05/2016	ANTONIO	VILARIÑO MUIÑO	DESFAVORABLEMENTE
2612	19/05/2016	ANTONIO	VILARIÑO MUIÑO	FAVORABLEMENTE
3176	30/05/2016	MARÍA JOSÉ	VILARIÑO REMUIÑÁN	FAVORABLEMENTE
2559	18/05/2016	JOSÉ	VILLAMOR CALVO	DESFAVORABLEMENTE



CONCELLO DE ORDES
(A CORUÑA)

FOLLA Nº 66

2971	27/05/2016	JOSÉ MARÍA	VILLASENÍN APARICIO	FAVORABLEMENTE
2904	27/05/2016	Mª CARMEN	VILLASENÍN IGLESIAS	DESFAVORABLEMENTE
2599	18/05/2016	MARÍA ISABEL	VILLASENIN NOYA	FAVORABLEMENTE
2617	19/05/2016	INOCENCIA	VILLAVERDE COUTO	DESFAVORABLEMENTE
2917	27/05/2016	LUIS ALBERTO	VILLAVERDE CARBALLIDO	FAVORABLEMENTE
2918	27/05/2016	LUIS ALBERTO	VILLAVERDE CARBALLIDO	DESFAVORABLEMENTE
2032	25/04/2016	PURIFICACIÓN	VILLAVERDE COUTO	FAVORABLEMENTE
3061	30/05/2016	JAIME	VILLAVERDE FERNÁNDEZ	FAVORABLEMENTE
2648	20/05/2016	MANUEL	VILLAVERDE GARCÍA	FAVORABLEMENTE
1933	20/04/2016	MARISOL	VILLAVERDE LAGARES	FAVORABLEMENTE
2645	19/05/2016	JOSÉ CARLOS	VILLAVERDE MOAR	DESFAVORABLEMENTE
2730	24/05/2016	ESTRELLA	VILLAVERDE PAMPÍN	FAVORABLEMENTE
2861	26/05/2016	ENRIQUE	VILLAVERDE RECOUSO	FAVORABLEMENTE
2773	25/05/2016	VICTORIO	VILLAVERDE VISOS	DESFAVORABLEMENTE
2782	25/05/2016	Mª JOSÉ	VIÑA DARRIBA	FAVORABLEMENTE
2438	12/05/2016	MIGUEL ÁNGEL	VIQUEIRA CAMPOS	FAVORABLEMENTE
2574	18/05/2016	JOSÉ	VIQUEIRA CAMPOS	FAVORABLEMENTE
2173	02/05/2016	JOSÉ	VIQUEIRA CASTIÑEIRAS	FAVORABLEMENTE
2256	02/05/2016	JOSÉ	VIQUEIRA CASTIÑEIRAS	FAVORABLEMENTE
1715	11/04/2016	MAXIMINO	VIQUEIRA REY	DESFAVORABLEMENTE
1716	11/04/2016	MAXIMINO	VIQUEIRA REY	FAVORABLEMENTE
2564	18/05/2016	ANTONIO LÓPEZ LÓPEZ		DESFAVORABLEMENTE
2565	18/05/2016	RAMIRO MIRANDA RODRÍGUEZ		DESFAVORABLEMENTE



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 67

3083	30/05/2016	FAPRAPE S.L.	DESFAVORABLEMENTE
3084	30/05/2016	NIEPRAPE S.L.	FAVORABLEMENTE

2.- Notificar de forma individualizada o acordo anterior a todos e cada un dos interesados que presentaron unha alegación durante o trámite de información pública, xunto con copia do informe técnico, de data 10/09/2020, a efectos de motivación deste acto administrativo e coñecemento do receptor deste acto da xustificación do decidido por este órgano Colexiado.

3.- Non tomar en consideración as alegacións formuladas unha vez rematado trámite de información pública (31/03/2016 – 30/05/2016) do documento aprobado inicialmente por acordo do Pleno de data 16/03/2016, do Plan Xeral de Ordenación Municipal, co resultado seguinte:

NOME E APELIDOS	REXISTRO DE ENTRADA Nº	DATA	RESULTADO / MOTIVACIÓN
JOSÉ VÁZQUEZ BECERRA	3392	07/06/2016	Desestimación por presentación fora de prazo
AGUSTÍN FERNÁNDEZ SÁNCHEZ	3430	08/06/2016	Desestimación por presentación fora de prazo
JESUSA GÓMEZ PAZOS	3523	13/06/2016	Desestimación por presentación fora de prazo
JESUSA CARMEN CARBALLIDO MALLÓN	4678	26/07/2016	Desestimación por presentación fora de prazo
MARÍA DEL CARMEN BOUZAS CASTRO	4836	29/07/2016	Desestimación por presentación fora de prazo
UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.	842	21/02/2017	Desestimación por presentación fora de prazo
JUAN JOSÉ VIEITES VARELA	1362	24/03/2017	Desestimación por presentación fora de prazo
ESTRELLA VILLAVERDE LIÑARES	4103	19/07/2017	Desestimación por presentación fora de prazo
JUAN BECERRA CARRILLO	4286	01/08/2017	Desestimación por presentación fora de prazo
ANA MARIA VALES VIEITES	5576	03/10/2017	Desestimación por presentación fora de prazo
ANTONIO GRELLA VILLAVERDE	6363	17/11/2017	Desestimación por presentación fora de prazo
MIGUEL ÁNGEL GARCÍA GÓMEZ	6769	29/11/2017	Desestimación por presentación fora de prazo
FLORENTINO MARTÍNEZ NOYA	6864	05/12/2017	Desestimación por presentación fora de prazo
MARÍA CONSOLACIÓN GARABOA VILARINO	6888	07/12/2017	Desestimación por presentación fora de prazo
JAVIER BELLO GÓMEZ	1120	08/03/2018	Desestimación por presentación fora de prazo
JOSÉ BOUZAS PARDO	4260	27/07/2018	Desestimación por presentación fora de prazo
LEANDRO REMUIÑAN DEUS	4335	03/08/2018	Desestimación por presentación fora de prazo
OSCAR MANUEL DEL RÍO LÓPEZ	4348	03/08/2018	Desestimación por presentación fora de prazo
FERNANDO RIAL MIRÁS	4475	14/08/2018	Desestimación por presentación fora de prazo
CARLOS CANDAL CANDAL	5046	27/09/2018	Desestimación por presentación fora de prazo
ELVIRA DEL PILAR MOAR TABOADA	0065	05/01/2019	Desestimación por presentación fora de prazo
MINERVA AMBROA VIGAS	1068	04/04/2019	Desestimación por presentación fora de prazo



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 68

ESTRELLA MOSQUERA VIEITES	1077	05/04/2019	Desestimación por presentación fora de prazo
JOSÉ MANUEL VEIRAS MARTÍNEZ	1575	14/05/2019	Desestimación por presentación fora de prazo
MARIA DOLORES FUENTES CAO	1655	24/05/2019	Desestimación por presentación fora de prazo
JUAN JOSE VIEITES VARELA	2532	05/07/2019	Desestimación por presentación fora de prazo
PURIFICACIÓN ROSENDE PRESEDO	3077	30/08/2019	Desestimación por presentación fora de prazo
JESÚS CALVO CASTRO	3078	30/08/2019	Desestimación por presentación fora de prazo
MANUEL SNAJURJO BARREIRO	3970	16/10/2019	Desestimación por presentación fora de prazo
ALBERTO RAMA VÁZQUEZ	202099900000240	06/04/2020	Desestimación por presentación fora de prazo
ORENCIO UZAL LÓPEZ	1191	28/05/2020	Desestimación por presentación fora de prazo
ANTONIO CALVIÑO MOSQUERA	3223	31/05/2020	Desestimación por presentación fora de prazo
MODESTO SANTAYA RAPOSO	3285	01/06/2020	Desestimación por presentación fora de prazo
FRANCISCO JAVIER SÁNCHEZ CALVO	3403	07/06/2020	Desestimación por presentación fora de prazo

4.- Tomar en consideración as alegacións formuladas unha vez rematado trámite de información pública (31/03/2016 – 30/05/2016) do documento aprobado inicialmente por acordo do Pleno de data 16/03/2016, do Plan Xeral de Ordenación Municipal, por tratarse de simples correccións de erros (art. 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP), co resultado seguinte:

ALEGACIÓN - INTERESADO	REXISTRO DE ENTRADA Nº	DATA	RESULTADO / MOTIVACIÓN
JESÚS PAZOS SUÁREZ	848	21/02/2017	Estimación (corrección erros) Reflexionar unha vivenda construída en solo rústico
ESTRELLA CONCEPCIÓN NOYA FRAGA	5648	31/10/2018	Estimación (corrección erros) Eliminar unha edificación en solo rústico na actualidade demolida

5.- Notificar de forma individualizada o acordo anterior a todos e cada un dos interesados que presentaron unha alegación unha vez rematado o trámite de información pública.

6. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 30 de xullo de 2020, para que os Srs. Concelleiros coñezan o



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 69

desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno Corporativo Municipal dáse por decatado.

7. MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, voceiro do grupo político UxO, que presenta a moción que se transcribe a continuación:

“Unha das medidas preventivas que se está a levar a cabo para combater a propagación do Covid 19 e a redución de aforo en espazos tanto públicos como privados, co fin de garantir condicións sanitarias óptimas e minimizar o risco por contactos.

Por iso propoñemos a creación dunha aplicación para que os usuarios/as que empregan espazos municipais ou acudan a actividades programadas polo Concello poidan saber en tempo real cal é o aforo nese momento e comprobar se está completo. Non é un sistema exacto pero o usuario poderá ter unha estimación e orientación para non desprazarse innecesariamente á instalación ou espazo público e non poder entrar. Este sistema poderíase poñer en práctica, por exemplo, na biblioteca municipal, e noutros espazos nos que se considere beneficiosa a súa aplicación.

Dende Unión por Ordes cremos que unha sociedade debe de ir co progreso, e neste momento as novas tecnoloxías ben empregadas poden ser unha excelente axuda para garantir a seguridade dos veciños e veciñas así como eliminar perdas de tempo innecesarias

Acordo:

Instar ao Alcalde de Ordes a que dende o Concello se cree unha aplicación para que os usuarios/as que acudan a distintos espazos municipais poidan ver en tempo real cal é a cantidade de xente que se encontra na instalación nese momento e si se alcanzou o aforo máximo permitido dentro desa instalación”.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 70

Sometida a unha primeira votación a urxencia da moción presentada, votos a favor (3 grupo político BNG, 3 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), votos en contra (8 grupo político PP), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación.

Sometida a unha segunda votación a urxencia da moción presentada, esta non resultou apreciada por maioría de oito votos en contra (grupo político PP), oito votos a favor (3 grupo político BNG, 3 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, decidindo o empate o voto de calidade en contra do Sr. Alcalde, non procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, voceiro do grupo político UxO, que presenta a moción que se transcribe a continuación:

“Nos últimos meses a preocupación de moitos veciños e veciñas pola calidade da auga é evidente. En distintos puntos do noso municipio, tanto no casco urbano como nas parroquias, quéixanse de que moitas veces a auga sae turbia ou con impurezas.

Unión por Ordes no pleno do mes de xuño, no que se votaron os orzamentos, xa matizou que se botaba en falta “ unha maior inversión nos servizos básicos de abastecemento e rede de sumidoiros nas parroquias” considerando insuficiente a partida destinada a esta finalidade xa que é un servizo básico esencial e, ao noso entender, unha prioridade.

Acordo:

- Instar ao Alcalde de Ordes a que se realice un estudo para determinar a que se pode deber o problema nas traídas de augas municipais.
- Instar ao Alcalde de Ordes, no caso de que estes problemas requiran dunha inversión non prevista para o seu arranxo, a que proceda a unha modificación dos orzamentos”.

Sometida a unha primeira votación a urxencia da moción presentada, votos a favor (3 grupo político BNG, 3 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), votos en contra (8 grupo político PP), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 71

Sometida a unha segunda votación a urxencia da moción presentada, esta non resultou apreciada por maioría de oito votos en contra (grupo político PP), oito votos a favor (3 grupo político BNG, 3 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, decidindo o empate o voto de calidade en contra do Sr. Alcalde, non procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Intervén o Sr. Alcalde, que explica por que foron rexeitadas as dúas mocións anteriores, para que se teña en conta polos grupos políticos no sucesivo. Xa o comentaron no seu momento. O Regulamento orgánico municipal no art. 38.2 "Nas sesións ordinarias, concluído o exame dos asuntos incluídos na Parte Resolutiva da orde do día, iníciase a Parte de Control e Fiscalización do Goberno Municipal e no apartado de Mocións ou Presidente preguntará se por razóns de urxencia algún grupo municipal ou concelleiro desexa someter á consideración do pleno algún punto non comprendido na orde do día e que non teña cabida no apartado de rogos e preguntas (...)", calquera destas dúas mocións ten perfecta cabida no apartado de rogos, tal e como están plantexadas e formuladas, tanto na súa exposición de motivos, como no que son os acordos. De acordo co art. 44.6 do Regulamento orgánico municipal " Rogo: é a formulación dunha proposta de actuación dirixida a algúns dos órganos de goberno municipal Os rogos formulados no seo do Pleno poderán ser debatidos, pero en ningún caso sometidos a votación". Non é preciso someter a votación os argumentos que trae hoxe aquí, a exposición de motivos e acordos. Se quere ten a posibilidade de reconvertelos en rogos. Como xa fixo coa moción que retirou e decidiu reconverter en rogo. Cree que é o que debería ter feito con estas dúas, da mesma maneira. No sucesivo unha moción ten que ter una exposición de motivos clara, cuns acordos conforme ao art. 38.2 e os rogos sexan conforme ao art. 44.6 do ROM.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, voceiro do grupo político UxO, que presenta a moción que se transcribe a continuación:

"O pasado 5 de agosto, publicáronse as bases do PEL-Reactiva da Deputación da Coruña, un fondo destinado a fomentar a pronta recuperación das economías locais a través da reactivación da actividade empresarial en concellos de menos de 50.000 habitantes, dotando de liquidez aos autónomos e autónomas, principal motor de desenvolvemento económico e peza fundamental no tecido da provincia e do noso concello.

Deste xeito, e segundo a distribución prevista, o PEL-Reactiva permitiría acceder a 280.099,11 € en axudas a distribuír entre os/as traballadores/-as autónomos/-as, con ou sen traballadores/-as, e a microempresas do noso concello, que fosen afectados/-as polo peche como consecuencia do estado de alarma, que non fosen afectados/-as polo peche pero que a súa facturación se vise reducida nun 75 % en relación coa media de facturación do semestre anterior ou que se visen na obriga de acollerse a un ERTE.

O importe sería fixo e resúmese nos seguintes casos:

Un só traballador/-a: 2.000 €



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 72

Entre 2 e 5 traballadores/-as: 2.500 €

Entre 6 e 9 traballadores/-as: 3.000€

Con esta axuda, subvencionárase:

- A compra de material antiséptico ou desinfectante e produtos de hixiene ou limpeza.
- Arrendamentos de maquinaria, vehículos, locais ou instalacións.
- Adaptación de locais ás medidas de protección fronte á Covid.
- Seguros de responsabilidade civil, accidentes.
- Subministración de auga, gas, electricidade.

Dito fondo estaría financiado nun 80 % pola Deputación da Coruña e nun 20 % polos concellos que se acollan ao mesmo, é dicir, no caso de Ordes corresponderían 224.079,29 € á Deputación da Coruña e 56.019,82 € ao concello de Ordes.

Desde o BNG de Ordes entendemos que é unha boa oportunidade para axudar ás persoas autónomas do noso concello (sobre 1.153 afectados/-as), que non podemos deixar escapar, xa que o prazo para solicitala remata o vindeiro 9 de outubro.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

Instar ao goberno municipal a levar a cabo as xestións precisas para acollerse ao PEL-Reactiva da Deputación da Coruña, de xeito que os/as autónomos/-as (con ou sen traballadores/-as) e micro microempresas do noso concello, poidan beneficiarse das axudas recollidas no referido plan”.

Sometida a unha primeira votación a urxencia da moción presentada, votos a favor (3 grupo político BNG, 3 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), votos en contra (8 grupo político PP), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación.

Sometida a unha segunda votación a urxencia da moción presentada, esta non resultou apreciada por maioría de oito votos en contra (grupo político PP), oito votos a favor (3 grupo político BNG, 3 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, decidindo o empate o voto de calidade en contra do Sr. Alcalde, non procedendo seguidamente o seu debate e votación.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 73

Intervén o Sr. Alcalde, que informa que esta subvención está xa tramitada dende o 3 de setembro, polo tanto non procede. O vindeiro venres a Xunta de Goberno Local xa vai a proceder á adhesión a este PEL-Reactiva. Estamos a falar do mesmo caso, de aplicación do art. 38.2 do ROM

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que plantexa unha cuestión. Di o Alcalde que isto non é unha moción, que é un rogo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que ten máis cabida dentro do art. 44.6 que non dentro do art. 38.2 do ROM.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que pregunta ao Sr. Secretario si isto é máis unha moción ou un rogo.

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que tal e como esta plantexada é máis un rogo que unha moción. Xa é criterio do Sr. Alcalde se lle permite a súa tramitación como moción.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que presenta a moción que se transcribe a continuación:

“O servizo de atención primaria e o punto de atención continuada de Ordes, presenta numerosas carencias que desde o BNG pensamos que non son de recibo.

Nos últimos meses o servizo de atención primaria non deu atendido a demanda da poboación, chegando os/as pacientes a ter que agardar ata 15 días para obter unha cita médica. Ante esta situación, os/as pacientes optaron en numerosos casos a acudir ao servizo de urxencias do PAC de Ordes para tratar as súas doenzas, o que á súa vez provocou o colapso do mesmo, chegando o 28 de xullo a prestar atención a unhas 100 persoas.

Pero esta situación non acontece só coas citas presenciais, se non que varios/-as pacientes atopáronse cunha grave dificultade ao non ser quen de contactar telefonicamente co servizo de atención primaria de Ordes, a pesares de intentalo en reiteradas ocasións, e cando finalmente o conseguen, obteñen cita para atención telefónica para receitas a 15 días vista.

Así mesmo, no servizo de atención primaria resulta evidente unha necesidade de maior persoal para os servizos de pediatría, onde actualmente conta cunha pediatra, outra compartida con Xanceda e Ponte Carreira e unha soa enfermeira, insuficiente para atender a toda a poboación do concello.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 74

Non podemos esquecer tampouco a necesidade de dotar ao centro dun maior número de matronas, xa que das tres que había ate non hai moito, hoxe só contamos con unha, resultando insuficiente para atender a toda a poboación de Ordes, Tordoia, Trazo, Frades e Mesía.

No tocante ao PAC, en varias ocasións chegouse a dar o caso de quedar sen médicos que puidesen atender emerxencias que chegaron ata as súas instalacións, posto que tiveran que saír os facultativos a atender urxencias fora das mesmas, lembrando novamente a gran área que abarca o servizo, cos concellos de Ordes, Tordoia, Trazo, Frades e Mesía.

Incluso consideramos tamén inconcibible que non exista nas instalacións un servizo de radioloxía, que evite ou minimize os desprazamentos da poboación da comarca ata a capital galega.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

Instar á Consellería de Sanidade da Xunta de Galiza a levar a cabo as xestións precisas para:

1. Garantir a presenza continuada de dous equipos completos (é dicir, dous médicos/- as e dous enfermeiros/-as) no servizo de urxencias do PAC de Ordes.
2. A dotación a tempo completo de dous pediatras e dous enfermeiros/-as para o servizo de pediatría do servizo de atención primaria de Ordes.
3. Unha maior dotación de matronas no servizo de atención primaria de Ordes
4. A implantación dun servizo de radioloxía para o PAC e o servizo de atención primaria de Ordes.
5. A dotación de mais persoal sanitario e unha mellora substancial da xestión, para evitar situacións como as que se están a dar de ter que agardar ata 15 días por unha cita médica, ou non ser atendido/-a cando chamas telefonicamente ao servizo de atención primaria de Ordes”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (8 grupo político PP, 3 grupo político BNG, 3 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 75

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que non pode estar máis de acordo con esta moción. Estamos falar non so de colapsar os servizos de urxencia, tamén o retraso en acudir ao médico pode provocar un prexuízo para a evolución das patoloxías. Lembran os aplausos das 20:00 horas á sanidade pública. Parece que quedaron aí, foron froito desta pandemia que estamos a vivir. Estamos nun momento no que a situación sanitaria é complicada. A volta ao traballo é complicada, cunha normalidade anormal. Vai sendo hora que certos servizos vaian retomando a súa actividade para chegar a unha normalidade que evite este tempo de espera. A mellora que pide o BNG sería o ideal, pero como mínimo retomar o que había antes do 14 de marzo.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que os alegra debater esta moción do BNG. Temas que son interesantes para os veciños. Poden encontrarse solucións dentro do pleno. Están totalmente de acordo coa moción que presenta o BNG. Creen que debe darse un servizo sanitario óptimo, máis na situación na que nos encontramos. É unha das prioridades que ten que ter a sociedade xunto coa educación. O punto catro resalta a implantación dun servizo de radioloxía para o PAC, están de acordo todos os partidos. Todos chegaron algunha vez a demandar a súa implantación. A inclusión de persoal o ven ben. Todo o que sexan melloras para os veciños Uxo vai a votar a favor.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do grupo de goberno, que sinala que están preocupados pola situación do centro médico e do PAC. As demandas de persoal como dixo o voceiro de UxO é unha demanda que todos os partidos veñen facendo. Hai que felicitar aos sanitarios, tamén aos do centro médico de Ordes, por que estiveron durante toda a pandemia traballando arreo, e non deixaron a ninguén dentro das súas posibilidades sen atender. Van a votar a moción. Informa que tras unha reunión no centro médico xa hai dende o mes de marzo a presenza de dous médicos e dous enfermeiros constantemente no PAC durante todos os días. Dende a pandemia hai dúas pediatras e unha enfermeira, que consideran necesaria. Acábase de dotar de dúas matronas, vai a volver a de Tordoia. Seguen a loitar polo servizo de radioloxía para o PAC. Hai un problema bastante grande de facultativos en toda España. Votarán a favor da moción por que consideran que a sanidade pública ten que ser unha prioridade.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que agradece o apoio de todos os grupos da corporación. É un problema grave que entenden que se ten que solucionar. Non é de recibo que se chame a un número repetidas veces, que non che collan, despois que chames a outro número e que che indiquen que tes que chamar a ese número, se non collen, entón por internet, mareante e necesitas atención. Terán que montar unha centraliña de atención ao paciente, non é unha labor dos médicos. Se hai escaseza de persoal haberá que contratar administrativos, por iso demandan tamén unha mellora da xestión. Tampouco é de recibo que se hai escaseza de persoal médico, non haberá que saturalos con tarefas de rastrexo. Haberá que formar rastrexadoras que fagan esa



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 76

labor e que os médicos se adiquen a atender aos pacientes que teñan necesidades e patoloxías que deben analizar. Agarda que se tome en consideración polo goberno galego para ter unha atención de calidade na sanidade pública.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (8 grupo político PP, 3 grupo político BNG, 3 grupo político UXO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Instar á Consellería de Sanidade da Xunta de Galiza a levar a cabo as xestións precisas para:

1. Garantir a presenza continuada de dous equipos completos (é dicir, dous médicos/- as e dous enfermeiros/-as) no servizo de urxencias do PAC de Ordes.
2. A dotación a tempo completo de dous pediatras e dous enfermeiros/-as para o servizo de pediatría do servizo de atención primaria de Ordes.
3. Unha maior dotación de matronas no servizo de atención primaria de Ordes
4. A implantación dun servizo de radioloxía para o PAC e o servizo de atención primaria de Ordes.
5. A dotación de mais persoal sanitario e unha mellora substancial da xestión, para evitar situacións como as que se están a dar de ter que agardar ata 15 días por unha cita médica, ou non ser atendido/-a cando chamas telefonicamente ao servizo de atención primaria de Ordes.

8. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula o rogo seguinte:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 77

- O 23 de setembro conmemórase o Día internacional contra a explotación sexual e a trata de mulleres, nenas e nenos. Esta práctica, estendida por todo o mundo, é unha manifestación extrema da desigualdade das mulleres, nenas e nenos, e da súa pobreza na nosa sociedade.

A trata de mulleres e de nenas con fins de explotación sexual é un dos máis terribles negocios do mundo, se non o maior. Segundo datos de Nacións Unidas e da Unión Europea, as mulleres e as nenas representan o 71% das vítimas de trata detectadas en todo o mundo e o 80 % das identificadas en Europa occidental; o 95% delas acaban explotadas para a prostitución. A explotación sexual é a forma máis común de explotación (59%) seguida do traballo forzado (34%). As mulleres, ademais, atópanse entre as máis afectadas pola pandemia.

Compartimos o chamamento de Nacións Unidas para que a resposta ao COVID-19 e a recuperación posterior a nivel mundial asignen un lugar prioritario á dignidade e os dereitos humanos. Debemos redobrar os esforzos para protexer ás vítimas de trata e evitar que as persoas vulnerables sexan explotadas.

Queremos recoñecer o traballo de organizacións e colectivos que seguen prestando servizos vitais durante a crise, localizando ás vítimas e axudándoas a ter acceso á xustiza, a saúde e a asistencia e protección sociais, e evitando que se produzan máis actos de abuso e explotación.

A igualdade entre mulleres e homes continuará sendo inalcanzable mentres se compren, vendan e exploten a mulleres, nenas e nenos, prostituíndoos. Os estudos e as experiencias noutros países indícanos que alí onde se regularizou a prostitución aumentou a trata. Por tanto, entendemos que para combater a trata de mulleres, nenas e nenos con fins de explotación sexual de maneira efectiva hai que acabar coa prostitución.

Hai que abolir e erradicar a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, defender a dignidade das mulleres, nenas e nenos, e terminar coas redes e as mafias que se lucran explotando ás mulleres, nenas e nenos. Debemos protexer e asistir ás vítimas, cooperar cos países de orixe e concienciar á cidadanía de que é unha forma de escravitude.

A prostitución e a trata con fins de explotación sexual son un dos rostros máis crueis da feminización da pobreza, así como unha das peores formas de violencia contra as mulleres, nenas e nenos cuxo sufrimento se agravou debido á pandemia.

Por iso, instamos ao Sr. Alcalde para que:

1º. Impulse e reforce o marco normativo municipal (ordenanzas,etc.) para loitar contra a prostitución e a trata con fins de explotación sexual co obxectivo de:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 78

Reforzar os servizos municipais para dar cobertura integral (legal, psicolóxica, sanitaria e de inserción sociolaboral, ...etc.) ás vítimas de trata xa mulleres en situación de prostitución. b. Establecer as medidas necesarias de prevención e sensibilización para desincentivar o consumo de prostitución, especialmente dirixidas a homes e de maneira específica a homes novos. c. adoptar as medidas para evitar a publicidade de servizos de prostitución.

2º. Instar o Goberno autonómico, dentro do seu marco competencial, a impulsar as medidas necesarias para o desenvolvemento dunha estrutura de apoio multidisciplinar para as vítimas, xerar conciencia social contraria á compra e consumo de prostitución e á imaxe vexatoria das mulleres e a perseguir a delincuencia organizada dedicada a esta actividade ilícita.

3º. Estreitar a colaboración coas organizacións e colectivos que prestan servizos de asistencia ás vítimas.

4º. Dar traslado deste rogo ao presidente da Xunta de Galicia

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que están de acordo, darase traslado. Algunhas das cuestións terán que ser pouco a pouco

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que formula o rogo seguinte:

- De todos e ben coñecido a afección da veciñanza de Ordes a utilizar as sendas peonís que se están a facer e a ampliar. A situación na que vivimos actualmente, fan que estes roteiros sexan máis utilizados sobre todo polos nosos maiores e nenos.

Moitas destas vías están interrompidas pola intersección con algunha estrada de circulación considerable de vehículos, o que fai dificultoso nalgúns casos a continuidade con seguridade do paseo, sobre todo na xente maior. Adxunto fotografía como anexo deste escrito.

Por todo isto, instamos ao Sr. Alcalde a que:

Se teña en consideración a instalación de sinais de preferencia aos peóns na intersección destas vías, sobre todo nas máis transcorridas polos coches



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 79

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que entende que é na N-550, zona de As Casillas. Nas obras municipais é unha das cuestións que se pide directamente aos técnicos. Nas actuacións en estradas doutras administracións hai que estar ao que elas regulan en función do tipo de vía e tipoloxía do tránsito. É certo que quedaron varios pasos de peóns sen executar por que o vixiante no seu día non os permitiu, estando inicialmente contemplados no proxecto, despois no informe da Demarcación de Estradas non se permitiu que se fixeran ao dar prioridade sempre aos vehículos. Podemos compartir todos que non parece moi lóxico pero son criterios técnicos nas instrucións de Estradas aos que tiveron que cingirse en varios puntos. Onde se permitiu hai unha zona cebreada de prioridade aos peóns, noutras non o permitiron. Na que está a executar nestes momentos a Xunta de Galicia cara o albergue unicamente ten dous cortes. Na que se está executando con cargo ao POS+ en Buscás en toda ela a prioridade é sempre para os peóns. Nos proxectos municipais insistírase sempre aos técnicos para que nos proxectos sempre teñan preferencia os peóns.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que formula o rogo seguinte:

- Nos últimos meses a preocupación de moitos veciños e veciñas pola calidade da auga é evidente. En distintos puntos do noso municipio, tanto no casco urbano como nas parroquias, quíxanse de que moitas veces a auga sae turbia ou con impurezas.

Unión por Ordes no pleno do mes de xuño, no que se votaron os orzamentos, xa matizou que se botaba en falta “ unha maior inversión nos servizos básicos de abastecemento e rede de sumidoiros nas parroquias” considerando insuficiente a partida destinada a esta finalidade xa que é un servizo básico esencial e, ao noso entender, unha prioridade.

Instamos ao Sr. Alcalde:

A que se realice un estudo para determinar a que se pode deber o problema nas traídas de augas municipais.

No caso de que estes problemas requiran dunha inversión non prevista para o seu arranxo, a que proceda a unha modificación dos orzamentos

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o estudo do que fala foi pedido polo goberno cando entrou no ano 2015 a raíz de que había máis de vinte e oito actuacións executadas e outras pendentes de levar a finalización, xa iniciadas parte delas e sen recepcionar por parte da empresa concesionario do servizo Espina y Delfín, S.L.. hai un informe desa situación, durante estes anos viñemos facendo sucesivas actuacións tanto na ETAP como nas redes municipais, especialmente naquelas vías tiñan fibrocemento dentro da instalación, sempre guiados polos criterios marcados pola concesionaria do servizo e pola asistencia técnica municipal



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 80

en relación coas obras a acometer, servizos a dar e melloras que podían ir facendo. Foron sensibles coa situación de turbidez no Mesón do Vento, xa se remataron as actuacións que no seu día se anunciaron, no mes de outubro manterán unha reunión coa veciñanza afectada para expoñerllas de primeira man. Hai situacións puntuais como consecuencia de tormentas por roturas, turbidez especialmente nos finais de rede, é inevitable ata que se purgue de novo que esa auga en mal estado tamén chegue ás vivendas. Son actuacións que están contempladas este anos e que estes días están en licitación como a da rúa Carnota. Noutras actuacións hai valoracións pendentes de incorporar aos orzamentos municipais. Todo o traballo do que fala está feito con anterioridade, pode pasar a velo e analízalo cando queira. Tratarán de resolver as incidencias da mellor maneira posible.

Intervén o Sr. Ribadas Gómez, en representación do grupo político UxO, que formula os rogos seguintes:

- Está formación política, non fai moitos meses, presentou un rogo sobre o mal estado que presentaban algúns colectores do lixo nas parroquias. Veciños/as tamén nos informaron do mal estado de algún colector no casco urbano de Ordes, como se pode ver nas imaxes. (Rúa Campomaior).

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se realice unha revisión dos colectores do lixo e se reparen ou se cambien os que non se encontren nun estado correcto para a súa utilización

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medio ambiente, que sinala que toman nota de todos os avisos que lles chegan de colectores rotos polo uso ou por actos vandálicos. Este contedor está no listado que teñen dos colectores que cada ano a empresa concesionaria entrega ao Concello, así como diversos ancoraxes. Mentres non cheguen os colectores non poden cambialos. Teñen algún de reposto para cambios en situacións urxentes de mal estado e perda de lixiviados. Hai que esperar a que se reciban os novos colectores.

- Numerosos sinais (tanto de tráfico como dos que indican os nomes de lugar) que se atopan no termo municipal de Ordes están deteriorados, caídos, cubertos por maleza ou rotos como podemos ver nas imaxes que achegamos. Estes son algúns dos exemplos que podemos atopar en diferentes parroquias do Concello.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se faga un repaso das distintas sinalizacións e se proceda a súa reparación ou substitución, ouse elimine aquelas que xa non teñen ningún cometido.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 81

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se toma en consideración. É necesario un plan de sinalización integral de todo o concello para a súa homoxenización. Haberá que optar a unha subvención ou a través dun plan de obras. Moitas sinais o que necesitan é limpeza, a súa eliminación por inútiles.

- Na parroquia de Bean a marquesiña que se atopa enfronte á igrexa ten o cristal roto e pode ser un perigo para as persoas que a utilicen.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se proceda a súa reparación ou substitución

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se toma en consideración, pasarase a ver.

- Nos últimos días podemos ver en distintos medios de comunicación noticias sobre incendios producidos na nosa comunidade autónoma. Incendios que se propagan con máis facilidade e virulencia ao encontrarse con leiras cheas de maleza. A non limpeza das leiras dificulta en gran medida as labores de extinción e moitas veces supoñen un perigo pola súa proximidade a núcleos de poboación.

Esta formación política tivo constancia de que polo menos unha das leiras de titularidade municipal sita detrás do campo de fútbol do Mesón do Vento encóntrase chea de maleza como podemos ver nas imaxes.

Solicitamos ao Sr. Alcalde:

Instar ao Alcalde de Ordes a unha revisión das leiras de titularidade municipal e que se proceda a súa limpeza e periódico mantemento.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esta finca ten dúas fraccións, partes sur e norte do campo de fútbol. A do sur esta limpa, non a do norte, ten moita falta. Estase a actuar en bastantes fincas pola brigada municipal de obras, estanse a facer limpeza polos obradoiros de emprego. Procederese á limpeza.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 82

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- A veciñanza ven de trasladar a este grupo municipal o seu malestar e a súa preocupación polo estado no que se atopan en xeral as marquesiñas do noso concello, que adoecen de tarefas de limpeza. Cun simple paseo pódense atopar varios exemplos que dan a razón á veciñanza nas súas queixas, máxime cando deu comezo o curso escolar, tal e como podemos apreciar nas fotografías que achegamos co presente rogo.

Instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A acometer unha limpeza xeneralizada das marquesiñas do noso concello.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que teñen multitude de marquesiñas e son poucas as marquesiñas que teñen falta de limpeza. Non se pode sinalar tres que están practicamente na mesma zona. Non é certo que todas estean en mal estado. Colocáronse trinta e tres novas marquesiñas a través do POS da Deputación Provincial nos anos 2018-2019. Hai unha importante rede de marquesiñas municipais e non están todas elas desatendidas. Si é certo que estas non están nas condicións axeitadas, si é certo que a empresa concesionaria do servizo de limpeza de vías municipais non fixo a limpeza e non se estivo encima. Deuse traslado á brigada de obras municipal para que faga a limpeza, comezarán o venres ou o vindeiro luns. É unha cuestión puntual de varias marquesiñas da multitude que hai. Procederase a súa limpeza e revisión.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que non son na mesma zona, entre Pereira, Santa Cruz e Buscás aínda hai distancia. Non son todas, claro que non, son tres exemplos pero poden coller máis, pensaron que así queda acreditado. O importante é que se proceda a unha limpeza.

- Sobre a Emisora Municipal, reiteramos o rogo presentado no pasado pleno ordinario do mes de xullo.

Instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A ordenar a publicación no BOP da última modificación do regulamento de organización e funcionamento da Emisora Municipal de Ordes, aprobado polo pleno.

A convocar o Consello da Emisora Municipal



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 83

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que foi publicado no BOP nº 181, de data 21/09/2018. A Deputación provincial non ten actualizada a páxina de ordenanzas municipais do concello de Ordes. Pedirase que fagan unha actualización.

Por último, ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula as preguntas seguintes:

- Con motivo das fortes choivas que afectaron ao concello o pasado domingo 20 de setembro producíronse innumerables inundacións nas rúas da localidade. Ben é certo que as choivas, aínda que foron intensas, estas foron, afortunadamente, durante un período de tempo relativamente breve.

Por todo iso, preguntamos ao Sr. Alcalde:

¿Están os rexistros sen limpar?.

¿Hai previsión para unha revisión xeral destes rexistros para poder minimizar as consecuencias doutra posible treboada?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que isto xa foi tratado en moitas ocasións polo pleno. Corresponde á empresa concesionaria Espina y Delfín, S.L. a limpeza dos sumidoiros municipais, as redes doutras administracións públicas corresponde ao titular das vías, fan unha limpeza dúas veces ao ano. Cada vez que lles chega un aviso do 112 llo poñen en coñecemento. A concesionaria todos os anos fai eses dous mantemento puntuais. Hai que seguirlle insistindo ao respecto. Agora mesmo co que choveu o pasado domingo, 40 litros/m², a limpeza da rede tivo que ser grande. Mantivo varias reunións co responsable da concesionaria no municipio a raíz das incidencias que aconteceron pola treboada do domingo e quedaron que ademais de atender situacións puntuais de anegacións de baixos con problemas de humidades. Seguen detectando multitude de enganches á rede de abastecemento e saneamento que non están ben feitos e que despois xeran problemas neses baixos ou sotos dos edificios.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 84

Intervén o Sr. Ribadas Gómez, en representación do grupo político UxO, que formula as preguntas seguintes:

- No último pleno ordinario celebrado o 30 de xullo tratáronse e debatéronse temas como:

A aprobación dun plan económico financeiro exercicio 2020/2021 por incumprimento da regra de gasto.

Mocións dos distintos partidos políticos entre as cales se encontraban as propostas realizadas por Unión por Ordes en concreto moción sobre a ampliación da oferta formativa de FP no IES de Ordes e a moción sobre a ampliación do horario do servizo da policía local.

Por todo iso, preguntamos ao Sr. Alcalde:

¿Cal foi o motivo de que se colgaran outras noticias nas redes sociais oficiais do Concello de Ordes e sen embargo non o resumen do pleno de xullo?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que si que se colgou na web municipal o día 31 de xullo de 2020, non se enlazou coas redes sociais. Si é certo que non se elaborou unha nota de prensa por que levamos tempo co xornalista de baixa. Non se están a facer todas as notas de prensa que lle houbera gustado.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- Con respecto á prevención de contaxios por Covid-19 para o curso escolar que está a comezar:

¿Cantas reunións do consello escolar municipal foron mantidas e en que datas?.

¿A que acordos se chegou?.

Intervén a Sra. Garcia Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que o Consello Escolar Municipal non ten ningún tipo de competencias en canto á prevención de contaxios. Os Ceips e les teñen que facer os seus protocolos de forma independente segundo o protocolo xeral da Consellería de Educación da Xunta de Galicia a 31 de agosto de 2020. Como informou aos voceiros o 1 de setembro, houbo reunións individuais con cada centro e os seus colectivos para por a



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 85

disposición polo Concello as necesidades de cada centro para o cumprimento dos protocolos. Están aprobados os protocolos dos tres Ceips. Os les presentaron onte o plan de acollida. Tan pronto teña eses protocolos remitirallos a todos os grupos políticos.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que sa sabe que o Consello Escolar Municipal non ten competencias, pero é un punto de encontro de todos os centros do noso concello. Entre todos poderían facer unhas directrices ou sacar ideas en conxunto.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás **vinte horas e cincuenta e sete minutos** do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE

O SECRETARIO